

## COMUNICADO Nº 141/23

21 DE XULLO DE 2023

### ENTREGA DE MERCHANDISING DE PIRELLI E FOTOGRAFÍA DE FAMILIA DAS COPAS DE PROMOCIÓN GALEGAS NO RALLYE PAZO TIZÓN

O Venres 28 de xullo no anfiteatro da Praza da Veracruz de O Carballiño e coincidindo co Rallye Pazo Tizón, sexta proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes, terá lugar a fotografía de familia de todas as Copas de Promoción autonómicas.

Neste acto, que terá lugar as 19:00 horas, farase entrega ademáis do merchandising de Pirelli para a tempada 2023. Dende a organización destas Copas de Promoción recórdase a importancia de levar as gorras de Pirelli e a funda de competición.

Están convocados os participantes no Supercampionato Recalvi R5; a Gara N5; as distintas variantes da Top Ten Pirelli Driver Autia; a Pirelli AMF; o Volante FGA (e PXP) e o Criterium Recalvi.

Prégase estar uns minutos antes na contorna do anfiteatro para non atrasar en exceso o acto.

**Día e Hora:** 28 de xullo, ás 19:00 horas

**Lugar:** Anfiteatro da Praza da Veracruz de O Carballiño.

**Ubicación GPS:** <https://goo.gl/maps/UMstE7tezvKLEmH7A>